

# Antistrofas. Intrahistoria dunha encomenda

Enrique X. Macías, Amando

Sábado 7 Novembro 20:30H | Auditorio Martín Códax, Vigo

Coa colaboración de FUNDACIÓN PHONOS

En 1993, con motivo da retrospectiva “Pinturas e instalacións” no Castelo de Soutomaior o pintor Amando (Vigo, 1951) procura a complicidade do seu amigo Enrique X. Macías ao quen encomenda unha nova obra, **Estrofas**, para a súa estrea na inauguración. Unha obra para a que conta coa inestimable colaboración do cellista do *Ensemble Intercontemporain* de París Pierre Strauch. Este convite está na xénese dunha das partituras máis recoñecidas de Enrique X. Macías que irá evoluíndo para co tempo e ampliando a súa dimensión primixenia para converterse en **Antistrofas** (1993-95) para violoncello só. Con posterioridade Macías continuou a traballar neste material e desenvolveu unha parte electrónica opcional coa que se presentou a obra en concerto público en dúas ocasións sen chegar a unha versión definitiva completamente satisfactoria para el.

**Estrofas, Antistrofas** (1993-95) exemplifica claramente as problemáticas asociadas ao legado de Macías. De xeito similar a como acontecera en **Itinerario de Luz** é preciso en primeiro termo un traballo de investigación hermenéutico e filolóxico que permite refacer a parte electrónica da obra. Pero si naquela ocasión dispoñíase de moi boa documentación e o traballo da electrónica fora concluído completamente, non ocorre así no caso de **Antistrofas** o que dificulta enormemente a restauración dun material definitivo. O seu colaborador habitual Miguel Azguime o resume así: “toda vez que en vida do compositor o traballo da electrónica non foi rematado e o compositor sempre considerou a electrónica de **Antistrofas** como algo opcional, pregúntome, precisa a obra da electrónica?” Ademais continúa: “aínda que exista unha gravación con electrónica que data de 1995 dispoñible a través do CD duplo de Miso Records, a electrónica desenvolvida na época (que non fora recoñecida polo compositor como unha versión final) utilizaba procesadores de efectos de inicios dos anos 90 de difícil acceso actualmente”.

Neste concerto, que conta coa colaboración da **Fundación Phonos**, mostra o estado da investigación arredor deste traballo; unha primeira aproximación realizada por Ángel Faraldo que con tempo, e a partir das gravacións e indicacións do arquivo persoal do compositor e os seus máis próximos colaboradores permita recuperar para o repertorio unha obra fundamental da música contemporánea en Galicia.

Enrique X. Macías: **Antistrofas** (1993-95) para violonchelo só

Amando: **Antistrofas. Intrahistoria dunha encomenda**

Enrique X. Macías: **Antistrofas** (1993-95) para violonchelo e electrónica\*.

\*Recreación de Ángel Faraldo a partir das gravacións existentes

Todos os concertos e actividades teñen entrada gratuita previa **inscrición telemática con compromiso de asistencia** a través da páxina oficial de vertixe sonora e reserva dun máximo de 5 entradas por persoa ata cubrir aforamentos. Debido á pandemia COVID-19, o festival adoptou as seguintes medidas para garantir a súa seguranza:

1. Chegada á sala 20 minutos antes da hora marcada de inicio do concerto para axilizar o proceso de entrada.
2. Distanciamento social. Non hai lugar marcado, seralle atribuído á entrada da sala, por orde de chegada, mediante indicación de persoal identificado.
3. Uso obrigatorio de máscara durante todo o evento.
4. Hixiene de mans, limpeza en alfombra desinfectante e toma de temperatura na entrada ao edificio. En caso de necesitar apoio, por favor, contacte co asistente de sala.

Finalizada a actividade espere no seu asento as indicacións do persoal de sala que regulará a saída escalonada.

## VINDEIROS CONCERTOS:

Entrada libre previa inscrición telemática até completar aforamento

domingo 8.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo  
**ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS**